



ESCOLA DE EMPODERAMENTO FEMINISTA

Normas básicas de funcionamento

Aprobadas por Decreto da concelleira de Igualdade e Diversidade o 15.02.2019

No 2018 inicia a súa andadura a Escola de Empoderamento Feminista, concibida como un **recurso municipal permanente de formación para a cidadanía**. Entre outros, os seus obxectivos son:

- Abrir procesos democráticos alentando a unha maior participación activa das mulleres.
- A creación de redes de apoio mútuo.
- A mellora da incidencia política para a igualdade.
- A inclusión das diversidades nos diferentes ámbitos da vida municipal.

Para un axeitado funcionamento deste recurso, que cumpra e garanta cos principios de transparencia, publicidade, accesibilidade e igualdade de trato, por Resolución da concelleira de Igualdade e Diversidade, aprobanse as seguintes normas básicas:

1.- Con carácter xeral, todos os obradoiros e actividades organizados no marco desta Escola son de carácter gratuito.

2.- Os obradoiros teñen un límite de prazas; esta información será sinalada na oferta de cada edición e para cada un dos diferentes obradoiros.

3.- Co obxectivo de favorecer a participación, cada persoa poderá preinscribirse a un máximo de catro obradoiros por edición. A participación estará limitada a un máximo de dous obradoiros por edición.

4.- A preinscrición realizarase preferentemente, a través do formulario aloxado na web www.coruna.gal/igualdade. En todo caso, co obxectivo de facilitar o acceso a aquelas persoas ás que un proceso de preinscrición online lles resulte complexo, habilitaranse alternativas telefónicas ou presenciais, en días determinados.

Os prazos de preinscrición serán publicados coa debida antelación na páxina web e figurarán tamén nos diferentes materiais informativos. Procurarase a maior publicidade de cada edición da Escola a través dos medios de comunicación e das redes sociais municipais.

5.- Con carácter xeral, cada obradoiro deberá contar cun mínimo de 6 persoas participantes para levarse a cabo, sen prexuízo de flexibilizar este requisito para algunhas das formacións, sempre contando co criterio das formadoras.

6.- No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, estas adxudicaránse mediante un sorteo específico para cada un dos obradoiros ofertados. O sorteo terá lugar nun acto público que se celebrará nas dependencias da Concellaría de Igualdade e Diversidade, e tanto o día do sorteo, como a acta co seu resultado, serán obxecto da oportuna publicación.

O sorteo consistirá na escolla ao azar dunha letra do total das que compoñen o abecedario para cada un dos obradoiros ofertados e a partir desa letra, e sempre en relación co primeiro apelido da persoa solicitante, e seguindo sempre esta lóxica, asignaranse as prazas por orde sucesivo.

7.- As persoas adxudicatarias de praza, así como as restantes formarán parte dunha lista de agarda que operará en caso de renuncias ou vacantes e que figurará na web da Concellaría. Por norma xeral, a necesaria confianza neste tipo de espazos formativos, así como o traballo de creación de cohesión grupal feito polas formadoras de cada un dos obradoiros fará que as incorporacións de persoas en lista de agarda en caso de renuncias ou baixas só sexan posibles nas primeiras dúas sesións de cada obradoiro, sempre en base ao criterio das formadoras.

8.- No caso de que unha mesma persoa resulte adxudicataria de praza en dúas actividades, e sexan estas coincidentes en horario, daráselle prioridade á primeira preinscrición realizada.

9.- A Escola de Empoderamento Feminista dará prioridade de acceso a aquelas persoas derivadas dende os servizos municipais do ámbito social, naquelas caso nos que as profesionais dos devanditos servizos consideren que a participación en certas propostas formativas da Escola pode supoñer, para estas persoas, unha mellora no seu benestar.

10.- Ao remate de cada edición da Escola as persoas participantes terán dereito a un diploma acreditativo da súa participación. Así mesmo, poderán formular cantas observacións e suxestións consideren oportunas sobre o obradoiro realizado polos diferentes medios a súa disposición: por medio da enquisa final de avaliación; nos encontros finais de avaliación; ou ben por medio dun correo electrónico dirixido á igualdadediversidade@coruna.es

11.- Para facilitar a asistencia daquelas persoas con necesidades de conciliación, os distintos obradoiros contarán cun servizo de canguraxe, para nenas e nenos de entre 3 a 12 anos. Aquelas persoas que o precisen poden solicitalo a través do propio formulario de inscrición da Escola, debendo encher e asinar ademais, unha ficha específica que debe remitirse por correo electrónico a igualdadediversidade@coruna.es

O servizo de canguraxe realizarase, preferentemente, nos espazos de atención á infancia (EAI) e ludotecas municipais. Así mesmo, poderase celebrar noutros centros municipais nos que se desenvolvan actividades da Escola sempre que conten con locais axeitados, o que será obxecto da oportuna publicación.

A hora de peche dos Espazos de Atención á Infancia e das Ludotecas (Monte Alto, Castrillón, Labañou, Palavea, Mesoiro, Sagrada Familia) é ás 20:30 h. Por iso, apélase a responsabilidade das persoas participantes, para no caso de que se participe nunha actividade cuxo horario exceda das 20:30 h., se conte co tempo preciso para recoller antes ás menores.

Os recursos de conciliación son un ben moi valorado e necesario para a veciñanza da Coruña. Por iso, as persoas responsables de menores con praza reservada no servizo de canguraxe, comunicarán ao persoal a cargo da coordinación da Escola, cun máximo de 24 horas de antelación, a falta de asistencia da súa filla ou fillo ao Espazo ou ludoteca previamente reservado, para así poder poñer esa praza a disposición de outras persoas usuarias.

Se, asignada unha praza polo servizo de canguraxe, a menor non asiste durante 2 días continuados sen causa xustificada, procederase á baixa na praza asignada.

12.- A Escola de Empoderamento Feminista tamén facilitará a participación activa daquelas persoas que precisen de interpretación en lingua de signos, ou ben sexan usuarias de audífonos, implante coclear ou outro tipo de prótese auditiva. Este servizo poderá ser solicitado no propio formulario de inscrición.

13.- Para poder mobilizar os recursos precisos e proporcionar o mellor servizo posible, tanto para o servizo de canguraxe como no caso da interpretación en lingua de signos, é preciso facer a solicitude cun mínimo de 4 días hábiles de antelación á data de realización da actividade.

14.- A Escola de Empoderamento Feminista traballa dende a base do respecto á responsabilidade das súas participantes, así como á autonomía das súas formadoras. Por estes motivos, é importante a asistencia regular e puntual a cada unha das sesións das diferentes actividades formativas. O criterio das formadoras a este respecto será fundamental á hora de decidir se é preciso cursar a baixa daquelas persoas que falten de forma reiterada e inxustificada as diferentes sesións formativas.

Aquelas persoas que, en base a estes criterios, falten de forma non xustificada, ou sexan impuntuais de forma reiterada, non terán dereito ao correspondente diploma acreditativo nin a participar nas actividades formativas da seguinte edición desta Escola.

15.- A participación nos diferentes obradoiros da Escola supón que o alumnado comprométese a traballar para crear o espazo de confianza preciso para o desenvolvemento dos mesmos, así como para favorecer a cohesión do grupo nas distintas actividades que teñan lugar neles. Así mesmo, supón o seguimento das indicacións das formadoras para o axeitado e óptimo desenvolvemento da actividade.

16.- A participación na Escola de Empoderamento Feminista supón o coñecemento e aceptación destas normas básicas de funcionamento.